



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE O PORTO DO SON PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE SONDAXES VALORATIVAS, MANTEMENTO E CONSOLIDACIÓN NO CASTRO DE BAROÑA (O PORTO DO SON, A CORUÑA)

MEMORIA TRANSPARENCIA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou co Concello de O Porto de Son o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de O Porto do Son para a realización dunha actuación arqueolóxica de escavación e consolidación no Castro de Baroña (O Porto do Son, A Coruña), co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Castro de Baroña sitúase no concello de O Porto do Son (A Coruña), en concreto no lugar coñecido como Punta do Castro, unha pequena península que marca a boca sur da ría de Muros e Noia.

Trátase dun asentamento fortificado da Idade do Ferro que se asenta sobre un promontorio costeiro e que uns dos xacementos arqueolóxicos máis coñecidos e visitados de Galicia, sendo considerado unhas das iconas do patrimonio cultural galego.





O xacemento configúrase aproveitando a morfoloxía rochosa e abrupta da península. Consta de 4 recintos, dispostos a distintas alturas e delimitados por potentes defensas e que conserva numerosas estruturas habitacionais no seu interior.

O Castro de Baroña foi declarado Ben de interese cultural, coa categoría de zona arqueolóxica, a través do Decreto 190/2011, do 22 de setembro (DOG núm. 194 do 10.10.2011). A nivel urbanístico está incluído no Catálogo do PXOM do concello do Porto do Son (2016).

Tendo en conta os valores culturais que posúe o Castro de Baroña, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de O Porto de Son consideran necesario realizar neste ano 2026 novos traballos arqueolóxicos de escavación, consolidación e acondicionamento para favorecer a súa posta en valor e tamén para afondar no coñecemento deste sitio arqueolóxico e así avanzar na súa investigación e caracterización.

Os traballos de campo serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na realización das diferentes accións de difusión se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxual.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do conxenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

